

ACTA Nº 3 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Abegondo, sendo as 13:00 horas do día 22 de xullo do ano 2016, previa convocatoria coa orde do día previamente establecido e comunicado aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- D^a Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- D^a M^a Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, en representación do Concello de Betanzos.
- D. Juan González Leirós, en representación do Concello de Cambre.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D^a María José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da mesma.

Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión, e se procede a seguir a orde do día.

1. Aprobación, no seu caso, da acta da sesión anterior

Se somete a aprobación a acta da reunión anterior que é aprobada por unanimidade, asinándose en documento papel as actas números 1 e 2 polos asistentes.

2. Seguimento Acordos Plenos sobre participación licitación concesións.

Os representantes dos Concellos informan da situación dos acordos plenarios, segundo o acordado nas sesións anteriores, e que é a seguinte:

- Aprobaron en Pleno e remitiron á Xunta o acordo plenario os Concellos de Oleiros, Culleredo, e Abegondo.
- Bergondo o aprobou o 20 de xullo e o seu representante descoñece si se remitiu á Xunta.
- O Concello de A Coruña o aprobou o 4 de xullo e así mesmo o seu representante descoñece a súa data de remisión.
- Os Concellos de Cambre e Betanzos teñen previsto sometelo a Pleno o próximo 27 de xullo.

Por outra parte, o coordinador da mesa pregunta si se analizou o documento sobre o estudo de matrices que xurdiu da reunión anterior e foi elaborado conxuntamente por Oleiros e Culleredo, e tódolos presentes mostran a súa conformidade co mesmo. O coordinador propón que o asinen tódolos Alcaldes e que se remita á Xunta. A representante de Oleiros propón que se encargue o Concello de A Coruña de xestionalo politicamente e de sometelo á sinatura dos Alcaldes.

Ambas propostas se aproban por unanimidade.

3. Posicionamiento Plan de Accesibilidade ao centro da cidade de A Coruña, presentado pola Xunta.

Respecto ao denominado Plan de Accesibilidade ao centro da cidade de A Coruña, se abre un turno de intervencións, do que resulta o seguinte:



- O representante de A Coruña afirma o seu acordo político con que se produza o acceso dos servizos de transporte de viaxeiros interurbanos á cidade, aínda que se mostran críticos co Plan, tanto formalmente por canto adolece na súa formulación do necesario consenso, como dende o punto de vista sustancial ou de fondo por canto observan moitas carencias no seu contido, tales como que non existen estudos de destinos, á marxe dos tres previstos no Plan. Así mesmo estima que non deben entrar tódalas liñas de Galicia porque iso distorsiona o propio sistema de transporte en si mesmo e ademáis tamén sería necesario analizar si deben entrar tódalas expedicións de tódolos servizos metropolitanos.

Por outra parte non está claro tampouco que a capacidade das paradas propostas no Plan se adecúe á situación prevista, o que pode orixinar non só problemas de conxestión senón de inseguridade.

En resumo sería necesario profundizar no estudo, realizar un estudo de orixes e destinos e en todo caso formular un plan de implantación evolutivo.

- A representante de Oleiros está de acordo coa filosofía do Plan, é dicir, con facilitar aos cidadáns usuarios do transporte metropolitano o acceso ao centro da cidade de A Coruña, pero considera unha incoherencia en si mesma que se faga sen contar coa participación directa do Concello de A Coruña.

- A representación de Abegondo tamén está de acordo coa penetración na cidade, pero estima convinte estudar unha parada cerca do Obelisco. Entende que deberían modificarse os itinerarios das liñas que lles afectan e que deben acceder á cidade pola A6. Así mesmo estima que o problema dos cidadáns de Abegondo é máis de frecuencias que de paradas.

- Os representantes de Cambre manifiestan que debemos ir todos na mesma dirección dunha maneira conxunta, pois en caso contrario non será eficaz. O Plan presentado ten moitas carencias como xa se apuntou e nón é a mellor maneira de facer as cousas. Debemos planificar en conxunto e para o futuro.

- A representación de Bergondo se mostra de acordo co dito ata agora e insiste en que hai que estudar máis e mellor os destinos dos cidadáns.

-O representante de Betanzos está de acordo coa entrada na cidade, pero cree que hai que buscar solucións conxuntas e aceptables para todos, ao tempo que hai que analizar destinos, incrementar frecuencias e facer diferenciacións por tipos de usuarios.


-O representante de Culleredo manifiesta a conformidade do Concello coa necesidade e a conveniencia para os cidadáns de potenciar as entradas do transporte colectivo de viaxeiros en A Coruña, pero entende tamén que o Plan proposto debería en primeiro lugar ter sido obxecto de conversas multilaterais con tódolos concellos e sectores económicos e sociais afectados e que fruto desa falta de diálogo se manifestan as súas carencias: non se estudaron tódalas matrices orixe-destino. Se pensou que tódolos viaxeiros dos distintos corredores van aos sitios previstos no Plan sen análise algún e sería necesario que, si estamos todos de acordo en avanzar na liña da área metropolitana, debemos actuar con concepto metropolitano, é dicir que tanto a Xunta como os cidadáns visualicen que estamos traballando unidos e con obxectivo metropolitano.

- O representante de A Coruña para rematar quere que conste a postura da Compañía de Tranvías de A Coruña, como prestadora dos servizos urbanos que se mostra conforme coa filosofía do acceso á cidade, pero estima que é necesario un Plan ben feito.

Por último, e a proposta do Concello de Oleiros, se acorda que se faga unha contestación conxunta ao Plan dentro do período de información pública, redactada polo Concello de A Coruña e que sexa asinada por tódolos Alcaldes, tendo en conta que o prazo remata o día 1 de agosto.

4. Análise situación Vía Ártabra.

Con respecto á Vía Ártabra o Concello de Cambre expón a situación actual facendo unha análise cronolóxica que parte da aprobación do Plan Sectorial no ano 2004, no que se expuxo que dita vía era básica para a articulación do territorio, para a mellora da accesibilidade e a conectividade, así como



para dinamizar a actividade económica da área. Ese Plan debería terse desenvolvido por un proxecto sectorial segundo a lei de ordenación do territorio e a de estradas, e non se fixo. A día de hoxe non se saben os motivos polos que non se cumpriu co previsto inicialmente nen porqué se tomou a decisión do nudo de A Gándara en detrimento do previsto en Catro Caminos que resulta menos costoso e ten menos afeccións sobre o territorio.

Entendendo a totalidade dos presentes que a culminación da Vía Ártabra nos termos nos que foi inicialmente pensada favorece a accesibilidade, a conectividade e a dinamización da área, se acorda encargar ao Concello de Cambre a redacción dun documento que recolla esta sensibilidade conxunta a fin de propoñer aos Alcaldes a adopción dun documento conxunto ao respecto.

5. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nen preguntas.

Se fixa a próxima reunión da Mesa para o día 26 de agosto en Abegondo, ás 13 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar se da por finalizada a reunión sendo as 15 horas do día citado ut supra.

